



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Agosto 2018**

Santiago de Compostela, 05 de outubro de 2018


**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2018

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en agosto de 2018 un crecemento do 0,6% con respecto a agosto de 2017, mentres que a nivel nacional o crecemento foi dun 1,2%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo e a enerxía creceron un 1,6% e 6,7%. Pola contra, os bens de equipo e os intermedios decreceron un 5,0% e 1,8% respectivamente.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden á “fabricación doutro material de transporte” que achega 1,6 puntos, a “producción de enerxía eléctrica” que suma 1,5 puntos, a “industria da alimentación” que achega 1,1 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que achega 0,6 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan a “fabricación de vehículos de motor” que minora 3,1 puntos, a “confección de roupa de vestir” que resta 1,6 puntos, a “metalurxia” que resta 0,8 puntos e a “fabricación de produtos de caucho e plásticos” que minora 0,4 puntos á taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Agosto 2018

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %



Índice

VARIACIÓNS (%)

Interanual

No que vai de ano

	Índice	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
<b>Xeral</b>	95,1	0,6	6,6
<b>Bens de consumo</b>	125,1	1,6	0,8
<b>Bens de equipo</b>	67,6	-5,0	2,9
<b>Bens intermedios</b>	97,2	-1,8	10,3
<b>Enerxía</b>	93,8	6,7	12,0

## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de agosto de 2018 en Galicia acadou unha taxa interanual do 0,6%, empeorando en 3,1 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (3,7%). En España rexistrouse un aumento do 1,2%, empeorando 2,4 puntos a taxa acadada no mes anterior (3,6%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un incremento do 1,6%, o que ten unha repercusión positiva de 0,5 puntos no conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un diminución do 5,0%, o que resta 1,0 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** decreceron un 1,8% cunha repercusión negativa de 0,5 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que sube un 6,7% achegando 1,6 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de xullo de 2018, por destino económico, os bens de consumo empeoran 3,7 puntos, os bens de equipo empeoran 10,2 puntos, os bens intermedios empeoran 10,1 puntos e a enerxía mellora 10,8 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de agosto foron: a “fabricación doutro material de transporte” que achega 1,6 puntos, a “produción de enerxía eléctrica” que suma 1,5 puntos, a “industria da alimentación” que achega 1,1 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que achega 0,6 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas, destacan a “fabricación de vehículos de motor” que minora 3,1 puntos, a “confección de roupa de vestir” que resta 1,6 puntos, a “metalurxia” que resta 0,8 puntos e a “fabricación de produtos de caucho e plásticos” que minora 0,4 puntos á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 11,5% de Castilla y León e o -8,8% de La Rioja. Ademais de Castilla y León, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Navarra (8,8%), Asturias (7,7%), Extremadura (5,5%), Cantabria (4,8%), Canarias (3,4%), Murcia (3,2%), Comunitat Valenciana (2,4%) e Madrid (2,2%).

#### IPI agosto 2018 Taxas de variación en %



#### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



#### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Agosto 2018**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	95,1	0,6	6,6	--	--
Bens de consumo	125,1	1,6	0,8	0,5	0,2
Bens de equipo	67,6	-5,0	2,9	-1,0	0,7
Bens intermedios	97,2	-1,8	10,3	-0,5	2,8
Enerxía	93,8	6,7	12,0	1,6	2,8
<b>España</b>					
Xeral	86,9	1,2	2,0	--	--
Bens de consumo	90,3	-1,2	0,0	-0,3	0,0
Bens de equipo	69,9	5,4	4,3	0,9	1,0
Bens intermedios	83,9	0,6	3,4	0,2	1,0
Enerxía	104,6	1,8	-0,2	0,5	0,0

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Agosto 2018**

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>0,6</b>		<b>6,6</b>		
Fabricación doutro material de transporte	164,3	1,6	100,7	1,2	2,0
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	8,1	1,5	11,9	2,2	22,3
Industria da alimentación	7,2	1,1	3,4	0,5	13,2
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	15,7	0,6	10,2	0,4	4,1
Fabricación de bebidas	6,0	0,3	2,4	0,1	3,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	12,9	0,3	4,8	0,1	2,0
Fabricación de material e equipamento eléctrico	16,0	0,2	18,8	0,4	1,4
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1,7	0,2	7,6	0,6	7,7
Industria química	4,1	0,1	9,0	0,2	1,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1,2	0,0	8,6	0,2	2,6
Outras industrias manufactureiras	-2,4	0,0	24,9	0,1	0,5
Industria do papel	-1,4	0,0	3,7	0,1	2,2
Industria téxtil	-11,2	-0,1	-19,2	-0,1	0,6
Fabricación de mobles	-9,0	-0,1	-19,4	-0,3	1,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-3,5	-0,1	6,0	0,3	3,6
Outras industrias extractivas	-15,5	-0,1	10,5	0,1	1,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-17,0	-0,4	0,2	0,0	2,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	-14,2	-0,8	13,6	0,7	5,1
Confección de roupa de vestir	-23,1	-1,6	-3,4	-0,2	4,1
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-44,4	-3,1	-7,5	-0,9	13,1
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Agosto 2018**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>86,9</b>	<b>1,2</b>	<b>2,0</b>
Galicia	95,1	0,6	6,6
Andalucía	94,6	-2,1	-1,5
Aragón	80,7	-3,0	1,7
Asturias	99,6	7,7	2,6
Baleares (Illes)	109,0	0,3	-3,8
Canarias	100,2	3,4	1,9
Cantabria	103,7	4,8	8,5
Castilla - La Mancha	89,9	-0,8	0,0
Castilla y León	78,6	11,5	4,4
Cataluña	83,4	-0,1	3,2
Comunitat Valenciana	85,1	2,4	0,2
Extremadura	132,0	5,5	4,0
Madrid	86,9	2,2	0,0
Murcia	103,8	3,2	2,3
Navarra	89,3	8,8	2,0
País Vasco	72,7	-3,0	2,0
Rioja (La)	67,0	-8,8	-2,0

Fonte: INE